

## María Soliño, a Praia de Rodeira e outros catanos...

---

Por CAMILO CAMAÑO XESTIDO

Non é doado falar da sempre presente MARÍA SOLIÑA, María Soliño, ou María Isolina (tres nomes para unha soa persoa), sen ter como punto de referencia constante a Praia de Rodeira ou o seu sinónimo de antano, Praia de Areas Gordas.

No caso de que un puidera dar marcha atrás ao reloxo e á máquina do tempo, atoparíase cunha Praia de Rodeira formada por un areeiro que xunguía a Praia dos Alemáns e a Illa dos Ratos coa Riveira no mesmo corazón de Santiago de Cangas, areeiro que acubillaba desde os tendais de aparellos ata as propias embarcacións, as que varadas agardaban ser limpas e arranxadas, de igual xeito que dous regatos, O Saíñas e o Bouzós ou Boubou, que coma dous coitelos fendían as limpas areas para logo vomitar as súas cristalinas augas ao mar de Vigo, ao mar de Cangas, ou sendo máis precisos, ao mar de Coiro. De igual xeito a Praia de Areas Gordas era nai nutricia de canta especie pare o mar a cotío, fonte de riqueza e alimento das nosas xentes. No seu manto abrochaban unha familia de cardos coñecidos popularmente como herba do demo, da que endexamais quixemos saber si en realidade se trataba do devandito cardo co que as meigas facían os bebedizos máxicos ou os bebedizos non eran máis ca pegada na memoria que a masacre daquel milleiro de turcos que ciscaron sangue, morte e violacións sobre as areas, aquel sábado, nove de decembro do ano mil seiscientos dezasete.



Durante moito tempo, a Praia de Areas Gordas convértese en santuario profano de xentes que lamentan e desesperadas intentan comunicarse cos homes e fillos que caeran na loita cos invasores. A cabecilla quizais era María Soliño de Cangas, e logo serían Elvira Martínez e máis Catalina da Igrexa de Coiro, e pasado o tempo a Monxa de Cangas, tamén nomeada por Frai Froilán Díaz (confesor do Rei Carlos II) como “La energúmena de Cangas”.

Con setenta anos (1621), María Soliño é acusada de bruxa de toda a vida, cando en realidade os seus trastornos aparecen logo da morte en batalla do seu home Pedro Barba e do seu irmán Antón Soliño. Esta acusación de bruxería trouxo consigo que lle fora arrebatada a súa facenda e propiedades -sistema este moi enxeñoso por parte da Igrexa daquel entón para aumentar as súas posesións e riquezas-, e foi sometida a innumerables tormentos por man da xustiza secular e polo Santo Oficio. Dos tormentos a que padeceu obtiveron a declaración de que

había vinte e cinco anos que era bruxa, que tiña renegado de Deus, que se entendía co Demo acudindo moitas veces á Praia de Areas Gordas en compañía doutras bruxas. Aquel 22 de setembro de 1621, é sometida á Cámara de Tormentos, espida fronte aos inquisidores prega misericordia e fai a devandita declaración que trae como consecuencia que sexa condenada a morrer na fogueira. De tódolos xeitos, morreu denantes de ser efectiva a sentenza, o 22 e xaneiro de 1622. A maneira de exemplo, un boneco de palla foi paseado polas rúas e queimado simbolicamente para escarnio e exemplo da poboación.

Semellante sorte pasou Elvira Martínez de Cangas e Catalina da Igrexa de Coiro, que foron compañeiras de desgracia de María Soliño. Encarceradas e sometidas a todo tipo de vexacións, rectificáronse nas súas primeiras declaracións de inocencia e confesaron que por tres veces foran levadas polas súas nais e outras vellas á Praia de Areas Gordas, e que polo mar e en barco concorrera o Demo a modo de cabrón.

Posiblemente, estes feitos comezasen na Fraga de Coiro, perto da casa da Mangallona, e que xa entrada a noite continuasen na praia.

A praia de Areas Gordas, ten sona de ter sido visitada polas preñadas pra que se desenvolvesen ben as xestacións e non se perderán as crianzas, realizándose bautismos debaixo da Ponte do Señal (como relata máis pormenorizadamente Boubeta). De igual xeito as mulleres estériles acudían a facer baños e a tomar brebaxes co fin de que fosen fértiles.

Por máis que a Praia de Rodeira está preñada de historia e de lendas, presente en relatos literarios de Castroviejo, Cunqueiro, Celso E. Ferreiro, Bernardino Graña, ..., por máis que un día tiña outro aspecto, outra extensión e outra primicia, agora é un areiro descoidado, na súa meirande parte ocupado, e aqueles regatos cristalinos dos que falábamos máis arriba convertéronse en verdadeiras cloacas, polo que as pregarias de María Soliño pregando perdón hoxe ben poderían ser as da propia Praia pregándonos o fin da usurpación, ou da ocupación, ou da contaminación.

Facemos votos por que o refrán dos vellos: ¡De El Rei e a Inquisición, chitón..!, non sexa certo, e se poñan en práctica as medidas necesarias para a recuperación e conservación de A Praia de Coiro, de Rodeira, de Areas Gordas, do Espírito Santo ou de María Soliña.

CONSULTADOS: GALICIA DIPLOMÁTICA E A INQUISICIÓN EN GALICIA.

**(Publicado en "Fiestas del Divino Espíritu Santo 92". Cangas, Xuño 1992.)**